



Guía Docente			
Datos Identificativos			2017/18
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia	Código	653G01207
Titulación	Descriptores		
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria
Idioma	Castelán		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia Ciencias da Saúde		
Coordinación	Rivas Quarneti, Natalia Yanaina	Correo electrónico	natalia.rivas.quarneti@udc.es
Profesorado	Groba Gonzalez, Betania Pousada Garcia, Thais Rivas Quarneti, Natalia Yanaina Viana Moldes, Ines	Correo electrónico	b.groba@udc.es thais.pousada.garcia@udc.es natalia.rivas.quarneti@udc.es ines.viana@udc.es
Web			
Descripción xeral	<p>Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumno/a ao proceso de intervención de Terapia Ocupacional, no neno e no adolescente, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional do terapeuta ocupacional neste ámbito.</p> <p>Descriptor:</p> <p>Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica.</p> <p>Terapia Ocupacional para a integración do neno e do adolescente. Aplicación da actividade ocupacional.</p>		

Competencias do título		
Código	Competencias do título	

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Promover a autonomía persoal e valorar a dependencia do usuario nas áreas de desempeño ocupacional (Actividades da Vida Diaria, Actividades Instrumentais da Vida Diaria, Traballo Educación, Ocio e Tempo libre e participación social), baseándose nos seus diferentes contextos (físico, cultural, social, persoal, virtual, espiritual). En definitiva, coñecementos e capacidade para aplicar a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional.			A9 A10 B3 B9 C8
Manter e mellorar a calidade de vida dos usuarios			A15 A20 A24 B9 C7
Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapeuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapeuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.			A1 A3 A6 A9 A11 A13 A14 A23 B19 B24 C4
Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco en infantes e adolescentes con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais.			A20 A29 B3 B9 C7



Intervir en infantes e adolescentes coas patoloxías incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha minguia do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal..	A7 A8 A17 A18 A19 A29	B3 B9 B24	C7
Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa.	A10 A16	B4 B9 B36	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introductorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título. Impartido pola Profa. Inés Viana Moldes)	1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar 1.2 Análise das principais ocupacións no adulto 1.3 Análise dos recursos comunitarios 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores
Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título. Impartido pola Profa. Adriana Ávila Álvarez)	2.1 Aproximación desde Terapia Ocupacional 2.2 Historia de vida
Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia	3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico 3.2 Análisis y reflexión de los contextos históricos y socioculturales
Tema 4.-Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para a infancia e a adolescencia	4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional 4.4 Relación co equipo interdisciplinar 4.5 Perfil dos usuarios



Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional na infancia e adolescencia: Autonomía persoal e Participación Social (Tema transversal do nivel intermedio do título. Impartido pola *Profa. Nereida Canosa Domínguez e **Profa. Thais Pousada García)	5.1 Derivación 5.2 Screening e valoración inicial 5.3 Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional aplicados ao eido da infancia e adolescencia: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación, Modelo Cognitivo Perceptual. Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso; Integración sensorial* 5.4 Avaliación ocupacional: usuarios, institucións e poboacións 5.5 Avaliación dos contornos significativos: domicilio centro de formación, centro laboral, centro de ocio e tempo libre y demás recursos comunitarios 5.6 Planificación de metas e obxectivos coa persoa e coordinación co equipo interdisciplinar 5.7 Intervención desde Terapia Ocupacional. Consenso co usuario/familia/profesionais, tendo en consideración os contornos significativos, as características e as prioridades do usuario, así como as patoloxías de maior incidencia que poden causar disfunción ocupacional (parálise cerebral; parálise braquial obstétrica; síndromes principais; discapacidades sensoriais; trastornos do desenvolvemento; trastornos alimentares; trastornos da conducta; trastornos do estado de ánimo; trastornos da ansiedade; drogodependencias) 5.8 Os produtos de apoyo: factores ambientais que actúan como facilitadores/barreiras de participación en ocupacións da infancia e adolescencia** 5.9 Asesoría de terapia ocupacional cos infantes e adolescentes: demás profesionais, familiares, amigos e otros. 5.10 Planificación da alta, seguimiento e derivación
Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: Infancia e Adolescencia	6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros) 6.2 Actualización permanente do profesional

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A29 B3 B24 C4 C7	30	10	40
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	50	33	83
Estudo de casos	A1 A3 A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B19 B24 B36 C4	25	25	50
Aprendizaxe servizo	A6 A9 A10 A11 A16 A17 A19 B4 C4	10	10	20



Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 C8	2	25	27
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>Metodoloxía que permite que os estudiantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Aprendizaxe servizo	<p>Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferencia co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En tanto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en tanto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de respuesta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.
Estudo de casos	O docente responsable da materia estará dispoñible no despacho do centro segundo o horario de tutoría, establecido ó inicio da materia.



Avaliación				
Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación	
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A29 B3 B24 C4 C7	A asistencia será obligatoria e valorarase a capacidade da/o alumna/o para integrar os conceptos teóricos impartidos na clase así como a demostración da adquisición das competencias da materia.	5	
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	Valorarase 1) actitude e participación: Actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas e co desenvolvemento xeral do laboratorio); participación: (interacción empática, proactiva, analítica e constructiva); Respecto (aos participantes do grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); Responsabilidade (consigo mesma/o e/ou co grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensinanza-aprendizaxe). Asemeiso, valorarase 2) a memoria do laboratorio: cumplir as instruccións, a presentación (coidado, ortografía, linguaxe) e a reflexión (elaboración, integración e crítica de todos os contidos do laboratorio).	30	
Estudo de casos	A1 A3 A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B19 B24 B36 C4	Nesta metodoloxía valorarase tanto o proceso de traballo como o resultado e a súa presentación (oral e/ou escrita). Polo tanto, terase en consideración a evolución do estudiantado durante o traballo, a xestión da información e interrogantes xurdidos, o traballo en grupo (nos casos que corresponda) así como a integración das competencias da materia e a reflexión sobre todo o proceso de traballo. No referente ao contido valorarase que o caso sexa coherente co proceso de Terapia Ocupacional nun contexto concreto, articulando as especificidades da/s persoas, grupo/poboación, as súas ocupacións e contextos, é dicir, mantendo o foco no desempeño ocupacional. Para iso, terase en conta a aplicación coherente dos modelos da práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persona Entorno Ocupación, Modelo da adaptación a través da Ocupación, Modelo Australiano de Terapia Ocupacional, Modelo del Déficit Cognitivo, Modelo de habilidades adaptativas ou o Modelo da saúde a través das actividades, entre outros. Finalmente na presentación (oral e/ou escrita) valorarase a argumentación, reflexión e defensa do traballo realizado así como la capacidad de expresión escrita (erros gramaticais e ortográficos valoraranse negativamente) e/ou oral (comunicación verbal e non verbal acorde ao foro).	30	
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24 C8	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), e a integración de conceptos.	35	

Observacións avaliación



O sistema de cualificacións

expresarase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real

Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece

o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións

universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional

Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honor (Graciable).

Considerarase como "non presentado" (NP) aquel estudiante que, estando matriculado nunha materia, non concorrese ás distintas actividades de avaliação que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado como "non presentado": a) cando non completase o proceso de avaliação continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliação. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que o estudiante ten por materia.

Con carácter xeral, a avaliação das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliação. Como norma xeral incluirase unha actividade de avaliação para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliação dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliação continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliação e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puidese establecer.

Se valorará a puntualidade e a asistencia obligatoria a todas as horas presenciais das metodoloxías establecidas na materia.

Para aprobar a materia, o alumno debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada unha das metodoloxías que conforman a materia. Ademais, será necesario ter unha cualificación mínima de 1.75 (sobre 3.5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a cualificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/conséguera dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta. As notas obtidas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa cualificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobada e superada a proba mixta.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Polonio, Castellanos, Viana (2008). Terapia Ocupacional en la Infancia. Madrid; Buenos Aires. Ed. Médica Panamericana</p> <p>- Parham y Fazio (2008). Play in Occupational Therapy for children.. St. Louis, Missouri: Elsevier.</p> <p>Clark, F. A., Parham, D., Carlson, M. E., Frank, G., Jackson, J., Pierce, D., & Zemke, R. (1991). Occupational science: academic innovation in the service of occupational therapy's future. <i>The American Journal of Occupational Therapy: Official Publication of the American Occupational Therapy Association</i>, 45 (4), 300-310. Duncan, E. A. S. (Ed.). (2012). Foundations for practice in occupational therapy (5. a ed.). Edinburgh: Elsevier. Fisher, A. G. (2013). Occupation-centred, occupation-based, occupation-focused: same, same or different? <i>Scandinavian Journal of Occupational Therapy</i>, 20 (3), 162-173. http://doi.org/10.3109/11038128.2012.754492</p> <p>wama, M. K., & Algado, S. S. (2008). El modelo Kawa (Rio). <i>Revista electrónica de terapia ocupacional Galicia, TOG</i>, (8), 7-. Kielhofner, G. (2006). Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional . Ed. Médica Panamericana. Larson, E., Wood, W., & Clark, F. (2005). Ciencia Ocupacionalesarrollo de la ciencia y la práctica de la ocupación a través de una disciplina académica [Occupational Science: science and professional development through an academic discipline]. En Willard & Spackman, terapia ocupacional (10 a ed, pp. 15-26). Buenos Aires ; Madrid: Médica Panamericana.</p> <p>Molineux, M., & Whiteford, G. (2012). Occupational science: genesis, evolution and future contribution. En E. A. S. Duncan (Ed.), Foundations for practice in occupational therapy (5. a ed.). Edinburgh: Elsevier. Polatajko, H. J., & Mandich, A. (2004). Enabling occupation in children: the cognitive orientation to daily occupational performance (CO-OP) approach . Ottawa: Canadian Association of Occupational Therapists. Rodger, S. (Ed.). (2010). Occupation-centred practice with children: a practical guide for occupational therapists . Oxford: Wiley-Blackwell.</p> <p>Rodger, S., & Ziviani, J. (Eds.). (2006). Occupational therapy with children: understanding children's occupations and enabling participation . Oxford, UK ; Malden, MA: Blackwell Pub.</p> <p>American Occupational Therapy Association. Occupational Therapy practice framework: Domian and process. <i>Am J Occup Ther</i>, 2008;62:625-683.</p> <p>Ayres AJ. La integración sensorial y el niño. México : Trillas; 1998.</p> <p>Barker S. Occupational therapy models for intervention with children and families. Thorofare: Slack; 2007.</p> <p>Baum, C. (eds.) Occupational therapy overcoming human performance deficits. Thorofore, N.J.: SLACK. pp.664-688.</p> <p>Blesedell Crepeau E, Cohn E.S., Boyt Schell, BA. Willard & Spackman, Terapia ocupacional. Buenos Aires : Médica Panamericana, 2011.</p> <p>Bobath-Kong "Trastornos cerebromotores en el niño. Buenos Aires. Medica-Panamericana 1982.</p> <p>Case-Smith J; Clifford O'Brien J. Occupational therapy for children. Maryland Heights : Elsevier; 2010.</p> <p>Christiansen, Ch., Baum, C. Occupational therapy : overcoming human perfomance. Thorofare : Slack.Dunbar SB. Occupational therapy models for intervention with children and families. Thorofare: Slack; 2007.</p> <p>Finnie NR. Atención en el hogar del niño con parálisis cerebral. México : La Prensa Médica Mexicana, 1987.</p> <p>Frías Sánchez, C. Guía para estimular el desarrollo infantil de los 45 días al primer año. México, D.F. : Trillas; 2005.</p> <p>Freiadberg RB. Práctica clínica de terapia cognitiva con niños y adolescentes conceptos esenciales. Barcelona: Paidós; 2005.</p> <p>Galanter y Jensen. DSM-IV. Salud mental en niños y adolescentes. Estudio de casos y guía terapéutica.. Madrid: Médica Panamericana; 2011.</p> <p>Grieve, J. Neuropsicología para terapeutas ocupacionales. Buenos Aires: Panamericana; 1999.</p> <p>Le Metayer M. Reeducación cerebromotriz del niño pequeño educación terapéutica. Barcelona: Masson; 1994.</p> <p>Máximo N. y otros. 2006. Manual de actividades didácticas: terapia ocupacional en afecções de origen pediátrico y neurológico. Madrid: Dykinson.</p> <p>Reilly M. Play as exploratory learning: studies of curiosity behavior. Beverly Hills : Sage Mark, 1974.</p> <p>Shelley. M. Terapia ocupacional en pediatría: proceso de evaluación. Madrid: Médica Panamericana; 2006.</p> <p>Shonkoff JP; Meisels SJ. Handbook of early childhood intervention. Cambridge : Cambridge University Press, 2000</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendaciones

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario	
	Observacións
<p>1.- Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumplir co obxectivo estratégico 9 do "I Plan de Sostenibilidade Medio-ambiental Green Campus FCS", os traballos documentais que se realicen nesta materia:</p> <p>a.- Na súa mayoría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.</p> <p>b.- De realizarse en papel:</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores. <p>2.- O profesor responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudiantes coa suficiente antelación.</p>	

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías